

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN PROVINCIAL DE CONFRARÍAS DE PESCADORES DE LUGO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten previsto formalizar coa Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 25.04.2024 ata o 16.12.2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo co fin de financiar as inversións que leve a esta institución sen ánimo de lucro a acadar a mellora da competitividade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que se trata dunha subvención nominativa porque na Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 figura a dotación orzamentaria no capítulo VII de Transferencias de Capital, 15.03.722A.781.5, proxecto 2014 00639, destinada a financiar convenios coas federacións de confrarías de pescadores para realizar determinadas inversións.

E de conformidade co artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

Neste ano 2024 prevense os seguintes investimentos:

a) A adquisición dunha fotocopiadora-escáner para a oficina da federación para poder facilitar as múltiples xestións que realiza a Federación ante as capitánías como despachos, cambios de tripulación solicitudes de inspección, etc. e ante



outros organismos como ISM (botiquíns á bordo, recoñecementos médicos, etc.), e que estes trámites teñen que imprimirse para entregalos aos armadores/patróns.

b) Realización dunha lona divulgativa para a presentación en feiras e congresos nos que participa a federación.

c) Dentro do plan de cultura marítima de Galicia Horizonte 2030 que ten entre os seus obxectivos estratéxicos conservar e promover a cultura marítima nos seus diversos ámbitos como eixe de cohesión social e coa finalidade de resaltar a variedade de manifestacións da cultura marítima e sensibilizar a sociedade na comprensión da mesma así como garantir a súa transmisión interxeracional, esta federación de Lugo pretende a reedición de diferente material divulgativo sobre a vida mariñeira así como para uso dos mariñeiros (cadernos de mareas, calendarios, etc...) xa que debido á entrega de gran parte do material divulgativo tanto ás escolas da zona como na feira de EXPOMAR do pasado ano 2023, necesítase volver a reeditar gran parte do material divulgativo para volver realizar novas entregas sobre todo na época de primavera e outono no que se realizan visitas ao porto de Burela (sede da Federación) , tanto dos colexios da zona como do interior da provincia.

d) Por último, a Federación Provincial ten previsto organizar no mes de outubro unha nova edición do "Congreso da pesca artesanal no caladoiro cantábrico-noroeste (CNW)", que nesta anualidade chega a súa cuarta edición, e que serve para poñer en común as principais demandas do sector, mediante a xuntanza dos representantes sectoriais de todo o litoral do caladoiro Cantábrico Noroeste (desde Pontevedra a Guipúscoa).

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asina esta memoria, en Santiago de Compostela
A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo
(asinado dixitalmente)

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
R/dos Irmandiños s/n Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546177
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal

